

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais

Bases da convocatoria do II Concurso de ideas "Luísa Villalta" de proxectos culturais pola igualdade

II Concurso de ideas "Luísa Villalta" de proxectos culturais pola igualdade

A Deputación da Coruña, como institución pública, está fundamente comprometida co desenvolvemento de políticas e iniciativas que contribúan ao avance social na igualdade de xénero, verdadeira necesidade -e ao tempo, motor de transformacións- cara á consecución dunha sociedade verdadeiramente xusta, libre, igualitaria e democrática.

O campo da cultura, en tanto espazo xerador de imaxinarios e de sentido cívico, que traballa no espazo das ideas e dos valores, resulta clave para a formación e consolidación dun novo consenso social en favor da igualdade de xénero. É desde este campo e a comunicación que hoxe se asentán como hexemónicos os comportamentos, percepcións, ideas e relatos sobre os diferentes aspectos sociais.

A partir da aposta pola igualdade de xénero como unha das prioridades da acción política da Deputación da Coruña e en memoria e co obxectivo de contribuír a divulgar a obra e a figura da poeta e música coruñesa Luísa Villalta, destacada representante da cultura galega contemporánea, tanto no ámbito musical como no literario e do activismo cultural, a Área de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade convocan o *II Concurso de ideas "Luísa Villalta" de proxectos culturais pola igualdade*, destinado a premiar e favorecer o desenvolvemento de dez propostas artísticas e iniciativas culturais anuais que promovan socialmente a igualdade de xénero.

O concurso rexerá de acordo ás seguintes:

BASES

Primeira.- Obxecto

O concurso ten como obxecto o fomento da cultura en igualdade mediante a realización de proxectos que poñan en valor o papel cultural, histórico e social das mulleres e/ou contribúen de forma relevante ao avance no asentamento social da aposta pola igualdade de xénero.

Os proxectos procurarán unha filosofía integradora, participativa e de visibilización social das mulleres no campo social e cultural. Empregarán a lingua galega e unha linguaxe con perspectiva de xénero.

Poderán presentarse ao concurso proxectos orixinais e inéditos, que se inicien no ano 2018 e finalicen antes do 31 de marzo de 2020 e que non estean finalizados no momento da publicación destas bases.

Os proxectos poden orixinarse a partir dalgún dos diferentes campos artísticos: son (música...), palabra (literatura, investigación...), escena (teatro, danza...), artes plásticas, imaxe (audiovisual, fotografía, curtametraxe, documental...) ou outros contornos creativos (arte urbana, arte dixital...).

Segunda.- Persoas ou colectivos destinatarios

Poderán presentar os seus proxectos todas aquelas persoas físicas ou xurídicas con sede social ou establecemento permanente na provincia da Coruña e que estean legalmente constituídos no momento de facer a solicitude como profesionais inscritas/os no Réxime Especial de traballadoras/es autónomas/os, entidades de economía social e/ou empresas.

Terceira.- Premios

Convócanse **dez premios**, por un importe máximo de **20.000 €** cada un; en función das solicitudes presentadas, poderán concederse menos dos dez premios convocados.

Aos importes dos premios serán aplicados os impostos e retencións legais preceptivos.

Cuarta.- Candidaturas

As candidaturas presentadas deberán incluír necesariamente un proxecto no que se recolla:

- Nome da persoa ou entidade que formula a solicitude.

- Resumo breve da proposta presentada (2 parágrafos)
- Breve CV das profesionais e/ou empresa/s que promoven a proposta (1 páxina)
- Fundamentan razoada que motive a posta en marcha do proxecto (1 páxina)
- Perfil e número estimado de persoas destinatarias que se beneficiarán directa ou indirectamente do proxecto (1/2 páxina)
- Obxectivos que persegue a proposta (1/2 páxina)
- Indicadores cuantitativos e/ou cualitativos de impacto social que se empregarán para medir a consecución dos obxectivos do proxecto, así como estimación previa dos valores que se espera acadar (1/2 páxina)
- Descrición da proposta que se vai desenvolver que inclúa: metodoloxía e accións, así como a súa temporización durante 2018-2020 e ámbito territorial (1-2 páxinas)
- Colaboracións, patrocinios e apoios previos cos que conta a iniciativa (1/2 páxina)
- Plan de comunicación da iniciativa, incluída a publicación de resultados (1 páxina)
- Orzamento detallado e desagregado do proxecto, con e sen IVE.
- Declaración das fontes de financiamento do proxecto (acheга da entidade solicitante, outros recursos externos para o autofinanciamento), así como declaración das subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto.
- Calquera outra documentación que as entidades solicitantes consideren de interese para o proxecto.

Quinta.- Prazo e presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTeL)

O prazo de presentación das candidaturas será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Sexta.- Xurado

O xurado estará presidido pola deputada da Área de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero e formarán parte del, ademais desta, a deputada da Área de Cultura e tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito cultural e das políticas de igualdade de xénero, nomeadas por ela.

Exercerá as funcións de secretaria o secretario da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación, co fin de que se poidan interpor os recursos legais pertinentes.

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no art. 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

O xurado presentará a súa proposta á Presidencia da Deputación, que é o órgano competente para conceder os premios.

A decisión do xurado, que terá lugar no primeiro trimestre de 2019, darase a coñecer na páxina web da Deputación: www.dacoruna.gal.

Sétima.- Concesión e pagamento

7.1.- Selección dos proxectos e concesión dos premios

O xurado seleccionará un máximo de dez proxectos, tendo en conta os seguintes criterios:

- * Interese do proxecto para a promoción da igualdade de xénero desde o ámbito artístico e cultural.
- * Calendario de actuacións culturais e/ou artísticas concretas e impacto social do proxecto en favor da igualdade de xénero, con especial atención ao territorio da provincia da Coruña.
- * Uso da perspectiva feminista na conceptualización, deseño e desenvolvemento do proxecto.

O xurado adxudicará a cada unha das propostas seleccionadas un premio de ata 20.000 € destinado a facilitar o desenvolvemento do proxecto.

O importe definitivo do premio fixarase en función da avaliación das características económicas e técnicas do proxecto.

Así mesmo, tendo en conta a tipoloxía e características de cada un dos proxectos premiados, o xurado determinará a documentación específica que terá que presentar a entidade para o cobro do premio. Do mesmo xeito, e para garantir a repercusión e impacto social e cultural dos proxectos escollidos no territorio da provincia da Coruña, o xurado determinará a forma en que cada proxecto deberá xustificar esta cuestión no desenvolvemento da proposta.

A Deputación da Coruña aparecerá en toda a documentación e elementos de difusión públicos dos proxectos como coprodutora destes, de forma expresa e co logotipo institucional ao carón do da empresa ou entidade promotora.

A Deputación resérvase os dereitos de explotación da propiedade intelectual e en especial os **dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública** por tempo indefinido para que a Deputación poida empregar os proxectos gañadores para calquera actividade da Deputación da Coruña relacionada co fomento da igualdade de xénero.

As persoas físicas ou xurídicas titulares dos proxectos premiados deberán informar das súas estreas ou das súas presentacións á Deputación a través do correo electrónico igualdade@dacoruna.gal.

7.2.- Pagamento dos premios

Logo de finalizar o proxecto premiado, a entidade deberá achegar a seguinte documentación antes do 31 de maio de 2020.

- * Relación clasificada dos gastos realizados asinada por representante legal, na que se indicarán os/as acredores/as co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se é o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento presentado na solicitude.
- * Memoria final, asinada por representante legal, que acredite a realización do proxecto, incluíndo persoas beneficiadas, impacto social alcanzado, as colaboracións e patrocinios obtidos e avaliación dos resultados acadados.
- * Campaña de comunicación e difusión do proxecto.
- * Acreditación mediante informes ou certificacións da execución do proxecto.
- * Documentación específica xustificativa do desenvolvemento do proxecto requirida polo xurado no momento da concesión do premio.
- * Documentación acreditativa da inclusión da Deputación como coprodutora nos elementos de difusión do proxecto premiado.

A documentación presentada será remitida ao xurado pola Sección de Servizos Sociais para que emita un único informe asinado por todas as persoas que formen o xurado, para a valoración da súa idoneidade e a efectiva realización de cada proxecto premiado, no prazo de 15 días naturais dende a recepción da documentación.

A non execución das actividades descritas, supoñerá unha redución proporcional do importe do premio concedido.

O pagamento dos premios requirirá os informes dos Servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización.

Oitava.- Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

A Coruña, 13 de decembro de 2018

O presidente,

Valentín González Formoso

O Secretario,

José Luis Almau Supervía

2018/9629